

**RESOLUCIÓN DA COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL
DO SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS
ANTE O DEBATE DE POLÍTICA XERAL DE GALICIA**

En opinión da Comisión Executiva do Sindicato Nacional de CCOO, a realidade socioeconómica de Galicia atópase a medio camiño entre a Arcadia feliz descrita polo presidente da Xunta e a situación contraria denunciada polos portavoces da oposición. A economía medra seguindo un patrón que distribúe mal e recompón o tecido produtivo galego arredor de actividades febles e inestables, do que non se está beneficiando o groso da clase traballadora galega.

Unha boa parte das empresas recuperaron xa os niveis de facturación e beneficios anteriores á crise, pero non os de emprego e moito menos de emprego de calidade. Crece o PIB, mais non o benestar social, de maneira que non minguan os elevados niveis de desigualdade e pobreza. Aumenta o emprego, pero aínda faltan por recuperar máis de cen mil postos e traballo dos perdidos en Galicia desde o inicio da crise no ano 2008.

A calidade do emprego empeorou notablemente, polo que se estendeu a precariedade: ao pé do 40% dos contratos temporais asinados teñen unha duración inferior á semana; formalízanse máis contratos a tempo parcial (e os non desexados son, sobre todo, femininos) no comercio, na hostalería e nos servizos sociais. As restricións e recortes nos salarios, pensións e todo tipo de políticas sociais deixaron unha Galicia máis desigual e máis pobre, con 52000 fogares con todos os seus membros en paro e 26400 nos que non entra ingreso ningún.

O noso sistema produtivo mirra e escora cara a sectores produtivos vinculados á precariedade; perde peso o sector industrial, máis ligado ao emprego de calidade e con maior efecto arrastre sobre o resto de sectores. Estes cambios prexudican sobre todo a dous colectivos, as mulleres e a mocidade, os máis afectados pola precariedade. No caso da xente nova, aínda máis, porque non atopan oportunidades de desenvolver un proxecto de vida e abandonan o mercado de traballo e mesmo Galicia; en consecuencia, a poboación activa moza reduciuse á metade desde que comezou a crise e avellenta o noso mercado laboral. Tamén minorou a creación do emprego, e os traballadores e traballadoras afectados por regulacións de emprego, fundamentalmente no sector industrial, aumentaron un 90% entre xaneiro e xuño.

Detrás desta radiografía e da evolución do mercado laboral agóchanse boa parte dos motivos do grave problema demográfico do noso país. Galicia precisa máis e mellor emprego e fixar a igualdade real entre homes e mulleres como un obxectivo firme con medidas dotadas orzamentariamente. Desde CCOO, propuxemos no diálogo social crear unha rede de axentes de igualdade que promovan medidas efectivas contra a fenda de xénero na negociación colectiva e na elaboración de plans de igualdade. Asemade, cómpre facilitar a remuda xeracional, incorporando xente moza ao mercado de traballo e apostando pola xubilación parcial con contrato de remuda.

Tamén hai que axudar as empresas e persoas traballadoras afectadas polas fluctuacións no nivel de actividade ou polas incertezas da nosa contorna (Brexit, guerra comercial global, desaceleración económica nos países de referencia para as nosas exportacións...). Isto require unha actitude propositiva dos axentes sociais e económicos, pero tamén de todas as forzas políticas que onte participaban no debate do estado da autonomía.

Comprometerse cos graves problemas e consecuencias derivadas co cambio climático é imprescindible. Pero facelo desde a actitude contemplativa á que nos ten afeitos o Goberno da Xunta tradúcese en que no noso país só se está poñendo o foco detrás dos riscos inherentes ao proceso de transición ecolóxica.

Desde CCOO entendemos que é preciso identificar as oportunidades que ten o noso país se se cumpren os Acordos de París, especialmente os referidos á transición no eido enerxético. Galicia ten posibilidades reais de posicionarse como un exportador de referencia dos bens de equipamento e servizos especializados que requirirá esa transición. Por esta razón, xa lle transmitimos ao Executivo galego a nosa proposta para desenvolver un proxecto piloto nas dúas comarcas máis afectadas pola descarbonización (As Pontes e Cerceda). Consistiría na hibridación de tecnoloxías de xeración e almacenamento enerxéticos, xestión de microrredes con enerxías renovables, bioenerxía e xestión de sistemas de distribución con intelixencia artificial.

Esta iniciativa contribuiría a mudar a tendencia de peso da actividade industrial na economía, achegándonos con medidas concretas ao obxectivo 20-20 deseñado pola Comisión Europea, para que o ano próximo a industria represente o 20 % do PIB industrial. Desde CCOO calculamos que o potencial de xeración de emprego vinculado a estas actividades sería duns 15000 postos de traballo.

Cómpre aproveitar a elaboración dos orzamentos do ano 2020 e do Plan Estratéxico de Galicia 2020-2030 para posicionar a Galicia ante os cambios que se aveciñan: apostar por un modelo de transición enerxética xusta que teña en conta os traballadores e traballadoras, as comarcas afectadas e os sectores produtivos implicados; desenvolver unha política industrial de país, capaz de dar resposta a Isowat, Vulcano, Alcoa, R Cable, Navantia... A Administración autonómica ten

mecanismos de intervención nas crises sectoriais e empresariais da nosa comunidade e non podemos renunciar a usalos para salvagardar a nosa actividade industrial e o emprego que xera.

Estes tamén deben ser uns orzamentos que recuperen de forma efectiva o conxunto de dereitos e retribucións dos traballadores e traballadoras públicas, así como do emprego que xera a externalización de actividades e servizos por parte das Administracións en Galicia. O compromiso coa calidade do emprego non pode de ser un simple slogan para o Goberno da Xunta, debe traducirse en medidas concretas. Sectores enteiros como o da axuda a domicilio fináncianse ao 100 % con recursos públicos, pero a súa resultante no plano laboral é 100 % de precariedade nun sector esencialmente feminizado. Por iso é imprescindible incluír cláusulas sociais na contratación pública, para garantir un desenvolvemento efectivo da Lei de contratos do sector público, que vincule a actividade económica xerada con recursos públicos á estabilidade no emprego e condicións laborais dignas.

Sería imperdoable que o debate de política xeral celebrado onte no Parlamento de Galicia nos anticipase un longo período de campaña electoral ata as eleccións autonómicas do 2020. Desde CCOO esiximos compromiso político, valentía e xustiza social no Parlamento, no proceso de diálogo social e nos orzamentos.

Santiago de Compostela,

26 de setembro de 2019